



NARÓN

Datos Do Expediente:

| | | |
|-------------------------------------|------------|------------|
| CONTRATOS MENORES | | |
| Unidade Tramitadora: | | |
| Contratacion e Obras Publicas - IMG | | |
| Número expediente: | Documento: | Data: |
| CON/66/2012 | CONWIOJ7 | 26-10-2012 |
| SN181869224P1B3R0RCV | | |
| | | |

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE "LIMPEZA, MANTEMENTO E SERVIZO DE CONSERXERÍA NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DA GANDARA".

Sendo as 12 horas do día 26 de outubro de 2012, réunese a Mesa de Contratación formada do seguinte xeito:

Presidente:

D. José M. Blanco Suárez (Alcalde)

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario xeral)
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor accidental)
D. Rafael Sánchez Florez (Xerente Padroado de Deportes)
Dna. Natalia Hermida Rico (Delegada de deportes)

Secretario da Mesa

Ignacio Mazaira Garro (xefe da Sección de Contratación)

Á hora indicada o presidente procede a apertura da sesión e toma a palabra o secretario para dar conta da reunión mantida para cualificar a documentación administrativa presentada polas empresas licitadoras, comunicando que foron admitidos todos os licitadores presentados:

Limpiezas y Servicios Xalo S.L.
Valoriza Facilities S.A.U.
Samyl S.L.
Limpiezas del Noroeste S.A.U.

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público e cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, procedeuse a apertura do sobre "B": criterios non avaliados en cifras ou porcentaxes, dándose a coñecer o contido dos mesmos e dándose traslado dos sobres coas ofertas correspondentes aos servizos técnicos para o seu informe.



CONCELLO DE NARÓN

O secretario da mesa procede a dar lectura ao informe elaborado polo Xerente do Padroado de Deportes, no que se puntúa, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, as ofertas presentadas polos licitadores, que a súa vez fican a disposición dos membros da mesa para o seu estudo.

Unha vez discutidos e valorados os criterios non obxectivos, ao abeiro do establecido no informe técnico e comprobado que a oferta presentada pola empresa Samyl S.L, non se axusta ao prego de condicións, xa que logo non pode subrogar nas mesmas condicións contractuais que na actualidade, a todas as persoas que actualmente están adscritos a este centro de traballo, dado que as horas que propón son inferiores as actualmente realizadas. Segundo os cuadrantes presentados, esta redución horaria suprimiría a quenda de noite máis o coordinador, posto claramente esixido no prego de condicións técnicas. Por todo isto a Mesa de contratación acorda:

Primeiro.- Non admitir a oferta presentada por Samyl S.L., por incumprimento dos pregos técnicos e administrativos particulares.

Segundo.- Ratificar o informe emitido polo Xerente do Padroado de Deportes, valorando os criterios non obxectivos das ofertas presentadas do seguinte xeito:

| EMPRESA | PROXECTO EXECUCION | CUADRANTE ANUAL | CUADRANTES SEMANAIS | TOTAL PUNTOS |
|------------------------------|--------------------|-----------------|---------------------|--------------|
| Limpieza y Servicios Xalo SL | 29 | 0 | 0 | 29 |
| Valoriza Facilities S.A.U. | 29 | 8 | 8 | 45 |
| Samyl S.L. | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Limpiezas del Noroeste S.A.U | 25 | 8 | 8 | 41 |

Non sendo outro o obxecto do acto, a presidencia dá por rematada a reunión as doce horas e dez minutos da data sinalada no encabezamento, da que eu como secretario dou fe, estendéndose a presente acta que asino co visto e praxe do Sr. presidente.

Vº e Pr.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO